

CINEMA E HISTORIA ■ Na cuarta xornada do ciclo organizado por Sine Nomine proxeclarase 'Jesus camp' e contará coa presenza de Henri Peña Ruiz

Laicismo e escola a debate na 4º xeira de Exercicios Laicos

O cuarto ciclo de cine e historia organizado pola asociación de profesores de historiía e filosofía Sine Nōmine coa colaboración de Nova Escola Galega chega hoxe á súa cuarta xeira, coa sesión Laicismo e Escola na que se proxeclará *'Jesus Camp'*, de Heidi Ewing, "un documental sobre cómo se alecciona ós rapaces pequenos coa doutrina relixiosa nos colexios de Estados Unidos", explica Mercedes González, unha das organizadoras. Tras o visionado, o experto internacional en laicismo na escola Henri Peña-Ruiz, do Institut d'Etudes Politiques de París, ofrece-

rá unha conferencia que dará paso a un faladoiro. Será a partir da 18.00 horas na Facultade de Ciencias Políticas de Santiago.

Baixo o título de 'Exercicios laicos', Sine Nomine convoca ó profesorado galego para ofrecerlle, a través de proxeccións de cine documental e histórico, unha ferramenta de aprendizaxe dinámica e aberta para tratar na aula a historia do presente cunha perspectiva crítica. O laicismo é, pois, o fio condutor desta cuarta edición, que congrega arredor de 200 persoas. "Desde a sociedade civil e laica queremos debater a presenza

AXENDA

Último día, o vindeiro xoves

O ciclo de cine e historia Exercicios Laicos que organiza Sine Nomine finaliza o 19 de febreiro, cando se proxeclará '*El celuloide oculto*' (1995) de Robert Epstein, con relatorio a cargo de Nanina Santos, da Revista Andaina. Será no salón de actos da Facultade de Políticas da USC ás seis da tarde.

da relixión na escola. Non negamos o dereito da Igrexa a dar a súa opinión, pero cuestionamos a presenza da relixión confesional nas aulas e queremos que saia do currículo. Na escola, a educación; a catequese, na parroquia", indicou Mercedes González. E é que este ciclo é a culminación da protesta iniciada en abril do 2008 contra o novo decreto de bacharelato, cun manifesto asinado por 1.000 persoas contra a "presenza dunha materia como relixión confesional" que "condiciona e obstaculiza a planificación do tempo lectivo". Sine Nomine denuncia que esta materia en 2º de bacharelato implica unha hora menos de Historia e en 1º de Bacharelato supón menos horas para Educación Física, Filosofía e Cidadanía, "por debaixo da súa viabilidade como materias educativamente útiles", e requiren que sexa a non obrigatoria de Relixión a que se adapte ás necesidades de horario das materias comúns. ● REDACCIÓN